

Bibliotecamiña
IES Auga da Laxe - Curso 2006/07

COÑECE A BIBLIOTECA-2

ACTIVIDADE PARA 1º ESO

1. *El fútbol es así* é unha frase moi repetida e, ademais, o título dun libro que está na biblioteca. Busca no capítulo que fala de "violencia o agresividad" un debuxo con dous xogadores e indica as cores das súas camisetas.
2. Cal é a signatura que aparece no lombo da novela galega Xente ao lonxe de Eduardo Blanco Amor?
3. En que país africano transcorren as aventuras da novela xuvenil en castelán que leva o número 784?
4. Busca na sección de matemáticas un libro de tapas brancas de M.C. Escher titulado *Estampas y dibujos*. Observa a lámina da páxina 75 e comenta o que máis te sorprenda. Busca ademais noutra páxina do libro unhas formigas que non paran de dar voltas e trata de explicar o que acontece.
5. Dende hai moitos séculos, moitas persoas peregrinan a unha cidade galega que ten unha catedral. Sabes de que cidade se trata? Busca un libro que fale das peregrinacións e apunta o título e o autor.
6. Quen é o autor dos libros *Michel Strogoff* e *Cinq semaines en ballon*?
7. Nesta época podes atopar cogomelos no monte. Investiga na sección de botánica se poderías colleitar o BOLETO AMARILLO. Indica en que libro o atopaches e en que páxina.